



Estimadas familias:

A Consellería de Educación publicou hoxe unhas “orientacións” relativas ao 3º trimestre do curso escolar (<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/30850>).

En ditas instrucións, nas que se deixan moitos aspectos sen concretar, podemos destacar o seguinte:

- Mantense a data de finalización do curso (19 de xuño).
- Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado.

O traballo levado a cabo no terceiro trimestre será de xeito coordinado en cada curso cos titores/as e especialistas, para non caer excesos nin agobios por parte do alumnado e que resulte o máis frutífero posible.

Os titores e titoras poñeranse en contacto con vós no caso de que sexa preciso recoller algún material do centro (libros, cadernos ...), poñéndoo en coñecemento das autoridades pertinentes e seguindo as súas instrucións.

Tamén vos informamos da colaboración do Concello cos centros educativos para poder solventar deficiencias que poida haber nas familias, como pode ser conexión a internet ou equipamento informático (ordenador, tablet...). Dende o centro tamén estamos prestando ordenadores ou tablets se é preciso. Se nalgún caso precisades desta axuda comunicádeo ao centro a través do correo electrónico ou do teléfono, ou ben a través do voso titor ou titora.

Calquera outro aspecto ou circunstancia que vos poida xurdir, non dubidedes en consultárnolo.

Un saúdo

O Equipo Directivo